

XEFATURA DO ESTADO

6085 *CORRECCIÓN de erros da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006. («BOE» 81, do 5-4-2006.)*

Advertido erro na corrección de erros da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento n.º 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 717, segunda columna, último parágrafo:

Onde di: « 4 6 0 , 6 5 « 6 . 4 4 9 , 1 0
euros/mes e euros/ano, respectivamente».
N» N

debe dicir: $\frac{«460,65}{N}$ euros/mes» e $\frac{«6.449,10}{N}$ euros/ano»

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

6243 *REAL DECRETO 353/2006, do 24 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da Xunta Arbitral prevista no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. («BOE» 83, do 7-4-2006.)*

A Comunidade Foral de Navarra ten potestade para manter, establecer e regular o seu propio réxime tributario de acordo co sistema tradicional de convenio económico, conforme a disposición adicional primeira da Constitución, que ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais, que no caso de Navarra se remontan -de acordo coa disposición derogatoria da Constitución- á Lei do 25 de outubro de 1839, e no artigo 45 da Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra.

O vixente convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, que foi aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, e modificado pola Lei 25/2003, do 15 de xullo, utiliza o concepto do «punto de conexión» para determinar cando lle corresponde á Comunidade Foral de Navarra a exacción dun tributo e cando ao Estado.

En xeral, a aplicación dos puntos de conexión non suscita dúbidas, pero en supostos excepcionais poden xurdir discrepancias interpretativas que provoquen conflitos, non só entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade Foral de Navarra, senón tamén entre esta última e unha comunidade autónoma. Co obxecto de resolver tales conflitos e discrepancias, o artigo 51 do convenio económico constitúe unha xunta arbitral cuxas funcións son as seguintes:

a) Coñecer dos conflitos que xurdan entre as administracións interesadas como consecuencia da interpretación e aplicación do convenio a casos concretos concernentes a relacións tributarias individuais.

b) Resolver os conflitos que xurdan entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade Foral ou entre esta e a Administración dunha comunidade autónoma, en

relación coa aplicación dos puntos de conexión dos tributos cuxa exacción corresponde á Comunidade Foral de Navarra e a determinación da proporción correspondente a cada Administración nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido.

c) Resolver as discrepancias que se poidan producir con respecto á domiciliación dos contribuíntes.

O punto 4 do artigo 51 do convenio económico dispón que: «Os conflitos serán resoltos polo procedemento que regulamentariamente se estableza, no cal se dará audiencia ao interesados». Esta remisión constitúe o motivo deste real decreto, elaborado por acordo entre ambas as dúas administracións e que consta dun artigo único, unha disposición derradeira e o Regulamento da Xunta Arbitral prevista no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. As modificacións do regulamento que poidan ser necesarias no futuro realizaranse tamén por acordo entre as dúas administracións implicadas.

O artigo único do real decreto aproba o Regulamento da Xunta Arbitral prevista no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra. O Regulamento da Xunta Arbitral aparece incorporado ao real decreto e estrutúrase nun capítulo preliminar e catro capítulos.

O capítulo preliminar, integrado unicamente polo artigo 1, limitase a fixar o obxecto do regulamento, que é o establecemento das normas de funcionamento, organización e procedemento da Xunta Arbitral do convenio económico.

O capítulo I, integrado polos artigos 2 e 3, aborda a natureza e competencias da Xunta Arbitral de acordo co artigo 51 do convenio económico.

Os aspectos relativos á organización da Xunta Arbitral regúlaos o regulamento no seu capítulo II, que engloba os artigos 4, 5, 6 e 7. Así, a Xunta queda integrada por tres árbitros, un dos cales desempeña as funcións de presidente e os outros dous as de vogais.

Con respecto ao funcionamento da Xunta Arbitral, o capítulo III (artigo 8) contén unha remisión xeral ao disposto en materia de órganos colexiados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, débese destacar polo menos unha importante diferenza respecto ao réxime dos órganos colexiados previsto na Lei 30/1992; dado que a Xunta só se compón de tres persoas, para a válida constitución desta requírese a presenza de todos os seus membros.

Finalmente o capítulo IV, integrado polos artigos 9 a 20, establece as normas reguladoras do procedemento no referido á iniciación, tramitación, resolución, notificación e execución das resolucións, así como á súa impugnación. En xeral, as devanditas normas procedementais inspíranse nas disposicións reguladoras do procedemento administrativo común.

En definitiva, este real decreto constitúe o marco axeitado para a resolución dos conflitos e discrepancias que xurdan como consecuencia da interpretación e aplicación do convenio económico e da aplicación dos puntos de conexión contidos nel.

Este real decreto desenvolve o artigo 51 do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, na redacción dada pola Lei 25/2003, do 15 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento da Xunta Arbitral prevista no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.*

Apróbase o Regulamento da Xunta Arbitral prevista no artigo 51 do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, na redacción dada pola Lei 25/2003, do 15 de xullo, cuxo texto se inclúe a continuación. Calquera modificación deste regulamento deberá axustarse ao mesmo procedemento seguido para a súa elaboración e aprobación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e aplicase aos conflitos e discrepancias suscitados a partir desa data.

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO DA XUNTA ARBITRAL PREVISTA NO CONVENIO ECONÓMICO ENTRE O ESTADO E A COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA

CAPÍTULO PRELIMINAR

Obxecto do regulamento

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento das normas de funcionamento, organización e procedemento da Xunta Arbitral prevista no artigo 51 do convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra, aprobado pola Lei 28/1990, do 26 de decembro, na redacción dada pola Lei 25/2003, do 15 de xullo.

CAPÍTULO I

Natureza e competencias da Xunta Arbitral

Artigo 2. *Natureza da Xunta Arbitral.*

A Xunta Arbitral configúrase como un órgano colexiado de deliberación e resolución dos conflitos e discrepancias a que se refire o artigo seguinte deste regulamento.

Artigo 3. *Competencias da Xunta Arbitral.*

É competencia da Xunta Arbitral:

a) A resolución dos conflitos que xurdan entre as administracións interesadas como consecuencia da interpretación e aplicación do convenio económico a casos concretos concernentes a relacións tributarias individuais.

En particular resolver, en último termo e de ser o caso, as controversias que, producidas por consultas referentes á aplicación dos puntos de conexión contidos no convenio económico e cuxa resolución compete primariamente

á Comisión Coordinadora, non cheguen a ser resoltas por esta por falta de acordo.

b) A resolución dos conflitos que xurdan entre a Administración xeral do Estado e a da Comunidade Foral ou entre esta e a Administración dunha comunidade autónoma, en relación coa aplicación dos puntos de conexión dos tributos cuxa exacción lle corresponde á Comunidade Foral de Navarra e a determinación da proporción correspondente a cada Administración nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido.

c) A resolución das discrepancias que se poidan producir entre administracións con respecto á domiciliación dos contribuíntes.

CAPÍTULO II

Organización da Xunta Arbitral

Artigo 4. *Composición da Xunta Arbitral.*

A Xunta Arbitral está composta por tres árbitros, un dos cales desempeñará as funcións de presidente e os outros dous as de vogais.

Artigo 5. *Nomeamento, cesamento e retribución dos árbitros.*

1. Os árbitros, nos cales deberá concorrer a condición de experto de recoñecido prestixio en materia tributaria ou facendística, serán nomeados por acordo entre o ministro de Economía e Facenda e o conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Navarra.

O nomeamento dos árbitros deberá ser publicado no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial de Navarra» e producirá efectos desde a data do acordo.

2. Os árbitros serán nomeados para un período de seis anos contados desde a data do nomeamento, sen prexuízo da súa posible renovación por períodos sucesivos de igual duración.

De ser o caso, a renovación dos árbitros deberá levarse a cabo, con iguais requisitos que os exixidos para o seu nomeamento, dentro do último mes do mandato respectivo.

De se cumprir o prazo de seis anos sen que se alcance un acordo entre ambas as dúas administracións para o nomeamento de novos árbitros ou a renovación dos existentes, o seu mandato entenderase prorrogado, como máximo, por un ano.

En caso de se producir unha vacante, será cuberta polo mesmo procedemento de nomeamento. O novo árbitro será nomeado para a parte do período de mandato que lle faltaba por cumprir ao substituído.

3. Os árbitros cesarán no seu cargo por petición propia e polas causas legalmente establecidas.

O cesamento dos árbitros publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Boletín Oficial de Navarra».

4. Con iguais requisitos exixidos aos árbitros e polo mesmo procedemento nomearanse árbitros suplentes. Estes só poderán actuar nos supostos de ausencia ou enfermidade, así como cando conorra nalgún árbitro unha causa de abstención das legalmente previstas e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada.

5. As retribucións dos árbitros serán fixadas por acordo entre o ministro de Economía e Facenda e o conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Navarra.

Artigo 6. *Competencias do presidente da Xunta Arbitral.*

Son competencias do presidente da Xunta Arbitral:

a) As previstas neste regulamento.

b) As propias dos presidentes dos órganos colexiados recollidas no artigo 23 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que sexan compatibles coa natureza e as normas de organización, funcionamento e procedemento da Xunta Arbitral establecidas neste regulamento.

Artigo 7. *O secretario da Xunta Arbitral.*

1. A Xunta Arbitral terá un secretario, que non poderá ser membro dela, no cal deberá concorrer a condición de persoa ao servizo da Administración xeral do Estado ou da Comunidade Foral de Navarra.

2. O secretario da Xunta Arbitral será designado rotativamente e por períodos de tres anos, polo ministro de Economía e Facenda e polo conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Navarra.

3. O secretario da Xunta Arbitral cesará no seu cargo por petición propia ou por decisión de quen o designase.

4. Correspóndelle ao secretario da Xunta Arbitral:

- a) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións da Xunta Arbitral por orde do seu presidente, así como as citacións aos vogais.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros da Xunta Arbitral e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos cales deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar co visto e prace do presidente as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións dos acordos adoptados.
- f) Cantas se desprendan do establecido neste regulamento.

CAPÍTULO III

Funcionamento da Xunta Arbitral

Artigo 8. *Réxime de funcionamento da Xunta Arbitral.*

En todo o referente ás convocatorias, constitución, sesións, adopción de acordos e réxime de funcionamento da Xunta Arbitral observarase o disposto, en materia de órganos colexiados, no capítulo II e, en materia de abstencións e recusacións, no capítulo III, ambos do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo das particularidades que poidan resultar do capítulo IV deste regulamento.

Malia o anterior, para a válida constitución da Xunta Arbitral requirírase a presenza de todos os seus membros.

CAPÍTULO IV

Procedemento da Xunta Arbitral

Artigo 9. *Réxime aplicable.*

O procedemento da Xunta Arbitral rexerá polo disposto neste capítulo e supletoriamente polas normas contidas no título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Iniciación do procedemento ante a Xunta Arbitral.*

O procedemento iníciase mediante a promoción do conflito ou discrepancia ante a Xunta Arbitral pola Administración xeral do Estado, pola Comunidade Foral de Navarra,

por unha comunidade autónoma ou pola Comisión Coordinadora prevista no convenio económico.

En ningún caso se poderán promover conflitos sobre cuestións xa resoltas ou pendentes de resolución polos tribunais de xustiza.

Artigo 11. *Promoción do conflito pola Administración xeral do Estado.*

A Administración xeral do Estado, a través da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, após comunicación á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas do Ministerio de Economía e Facenda, poderá promover conflitos nos supostos seguintes:

a) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal estea a exercer ou exercese as devanditas funcións a Administración da Comunidade Foral de Navarra.

b) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, non se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal a Administración da Comunidade Foral de Navarra sosteña que si é competente a Administración xeral do Estado nos devanditos procedementos.

c) Nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido, cando considere que a proporción correspondente a cada Administración non é a correcta.

d) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, considere que un contribuínte ten o seu domicilio fiscal en territorio común ou no da Comunidade Foral e esta discrepe.

e) Cando considere que, por aplicación dos puntos de conexión, lle corresponda a exacción dun determinado tributo declarado e, de ser o caso, ingresado polo suxeito pasivo na Administración da Comunidade Foral de Navarra, ou respecto do cal esta se dirixise a aquel para a súa declaración ou ingreso.

Artigo 12. *Promoción do conflito pola Comunidade Foral de Navarra.*

A Comunidade Foral de Navarra, a través do conselleiro de Economía e Facenda, poderá promover conflitos nos supostos seguintes:

a) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal estea a exercer ou exercese as devanditas funcións a Administración xeral do Estado ou a dunha comunidade autónoma.

b) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, non se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo respecto do cal a Administración xeral do Estado ou dunha comunidade autónoma sosteña que si é competente a Administración da Comunidade Foral de Navarra nos devanditos procedementos.

c) Nos supostos de tributación conxunta polo imposto sobre sociedades ou polo imposto sobre o valor engadido, cando considere que a proporción correspondente a cada Administración non é a correcta.

d) Cando, por aplicación das normas contidas no convenio económico, considere que un contribuínte ten o seu domicilio fiscal na Comunidade Foral de Navarra ou en territorio común e a Administración xeral do Estado ou dunha comunidade autónoma discrepe.

e) Cando considere que, por aplicación dos puntos de conexión, lle corresponda a exacción dun determinado tributo declarado e, de ser o caso, ingresado polo suxeito pasivo na Administración xeral do Estado, ou respecto do cal esta se dirixise a aquel para a súa declaración ou ingreso.

Artigo 13. Promoción do conflito pola Administración de calquera comunidade autónoma.

A Administración de calquera comunidade autónoma, a través do seu respectivo órgano competente na materia, poderá promover conflitos nos supostos seguintes:

a) Cando considere que, por aplicación dos puntos de conexión dos tributos cedidos, lle corresponda o rendemento dun determinado tributo declarado e, de ser o caso, ingresado polo suxeito pasivo na Administración da Comunidade Foral de Navarra, ou respecto do cal esta se dirixise a aquel para a súa declaración ou ingreso.

b) Cando, por aplicación das normas reguladoras da cesión de tributos, se considere competente en canto á xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión dun tributo cedido respecto do cal estea a exercer ou exercese as devanditas funcións a Administración da Comunidade Foral de Navarra.

c) Cando no se considere producido no seu territorio o rendemento ou non se considere competente nos procedementos de xestión, liquidación, recadación, inspección ou revisión, e a Administración xeral do Estado ou da Comunidade Foral de Navarra sosteñan que si se debe considerar producido no seu territorio o rendemento ou que si é competente nos citados procedementos.

Artigo 14. Procedemento que se debe seguir para o inicio dos conflitos que se promovan entre administracións tributarias.

Nos conflitos que se promovan entre administracións tributarias seguirase na iniciación o procedemento seguinte:

1. Como requisito para a admisión do conflito será necesario que antes da súa promoción a Administración tributaria que se considere competente requirirse a inhibición á que considere incompetente, reclamando así a súa competencia, e que esta última Administración rexeitase o requirimento, ratificándose na súa competencia expresa ou tacitamente.

O mencionado requirimento realizárase no prazo máximo de dous meses contados desde a data en que a Administración que se considere competente tivese coñecemento do acto ou disposición que ao seu xuízo vulnera os puntos de conexión establecidos no convenio económico.

No escrito de requirimento especificáranse con claridade os actos ou disposicións viciadas, así como os fundamentos de dereito.

No caso de que ningunha Administración se considere competente, deberáse producir a declaración de incompetencia dunha Administración a favor doutra e a decisión desta no sentido de inhibirse pola súa vez.

Enténdese que unha Administración tributaria se ratifica tacitamente na súa competencia cando non atenda o requirimento de inhibición no prazo de trinta días hábiles desde a súa recepción. Así mesmo, entenderase que unha Administración tributaria non se considera competente cando non atenda a declaración de incompetencia da outra Administración.

Nos casos a que se refire o punto 5 do artigo 43 do convenio económico, transcorrido o prazo de dous meses a que o devandito punto se refire sen que exista conformidade por parte de ambas as administracións, xa non será

necesario efectuar o requirimento ou declaración de incompetencia a que se refire o primeiro parágrafo deste punto para poder promover o conflito.

2. Os conflitos promoveranse no prazo de quince días hábiles contados desde a ratificación expresa ou tácita a que se refire o punto anterior, mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta Arbitral no cal se farán constar os extremos seguintes, en relación co conflito:

- a) A Administración tributaria que o promove.
- b) A Administración tributaria contra a cal se promove.
- c) Todos os datos que permitan identificar o suposto concreto obxecto do conflito.
- d) Os antecedentes e razoamentos en que se fundamenta a reclamación de competencia ou, de ser o caso, a inhibición.

Ao escrito de promoción do conflito deberánse achegar o requirimento á Administración tributaria contra a cal se promove o conflito, así como o de ratificación desta na súa competencia ou na súa inhibición, ou ben, no seu defecto, a acreditación do transcurso do prazo a que se refire o punto anterior.

3. Nos supostos en que ningunha Administración se considere competente, se no prazo de quince días hábiles sinalado no punto anterior ningunha das dúas administracións se dirixise á Xunta Arbitral promovendo o conflito, abondará con que o obrigado tributario, dentro dos quince días hábiles seguintes, lle comunique esta circunstancia á Xunta para que o conflito se entenda automaticamente promovido.

No suposto do parágrafo anterior, a Xunta Arbitral poderá dirixirse a calquera das dúas administracións e ao obrigado tributario para que acheguen todos os datos e documentos necesarios para a súa resolución.

Non obstante, o conflito non se tramitará se no prazo dos dous meses seguintes á comunicación do obrigado tributario unha das dúas administracións acepta a competencia.

Artigo 15. Promoción do conflito pola Comisión Coordinadora do convenio económico.

A Comisión Coordinadora do convenio económico promoverá conflito cando no seu seo non se chegue a acordo na resolución de consultas sobre a aplicación dos puntos de conexión, segundo o previsto no artigo 67.2.g) do convenio económico.

No devandito suposto a Comisión Coordinadora deberá promover o conflito no prazo de quince días hábiles desde a celebración da sesión en que non se alcanzase acordo respecto da resolución da consulta de que se trate, mediante escrito dirixido á Xunta Arbitral e ao cal se achegará a seguinte documentación:

- a) O escrito presentado polo consultante.
- b) A proposta de resolución elaborada pola Administración receptora da consulta.
- c) As observacións formuladas pola outra Administración.
- d) Todos os datos e informes que permitan a formación de xuízo por parte da Xunta Arbitral.

Artigo 16. Notificación da promoción do conflito e efectos.

1. A Administración tributaria que promova o conflito notificará á Administración afectada por el, debendo absterse ambas as dúas, desde entón, de calquera actuación en relación co asunto obxecto de conflito ata a resolución deste.

Así mesmo, as administracións en conflito deberánlles notificar aos interesados no procedemento do que trae

causa o conflito a súa promoción, producindo tal notificación efectos interruptivos da prescrición.

Nos supostos en que ningunha Administración se considere competente, a Xunta Arbitral notificaralles a promoción automática do conflito tanto aos interesados coma ás administracións afectadas.

2. Mentres non se resolva o conflito de competencias, a Administración que viñese gravando os contribuíntes en cuestión continuará someténdoo ao seu foro, sen prexuízo das rectificacións e compensacións tributarias que se deban efectuar entre as administracións, e cuxas actuacións se deberán remontar nos seus efectos á data desde a cal proceda, de ser o caso, un novo foro tributario, segundo o acordo da Xunta Arbitral.

Artigo 17. *Tramitación.*

1. Unha vez recibido o escrito de promoción do conflito, o presidente da Xunta Arbitral emitirá xustificante de recepción del, dentro do prazo de cinco días hábiles solicitando, de ser o caso, á Administración tributaria promotora do conflito ou á Comisión Coordinadora a emenda dos defectos advertidos na documentación exigible prevista nos artigos 14 e 15, respectivamente, deste regulamento; para este fin a devandita Administración tributaria ou a Comisión Coordinadora disporán dun prazo de dez días hábiles.

2. Cumprido o trámite anterior, o presidente da Xunta Arbitral, salvo no caso de ter sido promovido pola Comisión Coordinadora, notificaralle a promoción do conflito á Administración tributaria contra a cal este se promove, xuntando á notificación o escrito de promoción do conflito, así como a documentación anexa a el, coas emendas que, de ser o caso, se realizen.

Na notificación a que se refire o parágrafo anterior daráselle á Administración tributaria afectada un prazo dun mes co fin de que formule as alegacións que teña por conveniente e achegue e propoña as probas e documentación que considere oportunas.

3. Tras a recepción das alegacións ou, no seu defecto, ao termo do prazo sinalado no parágrafo segundo do punto anterior, o presidente da Xunta Arbitral disporá dun prazo de dous meses para completar a instrución do expediente.

Durante este período o presidente da Xunta Arbitral poderá solicitar dos órganos administrativos competentes por razón da materia, dos interesados no procedemento do cal trae causa o conflito, así como da Comisión Mixta de Coordinación da Xestión Tributaria cando a controversia se suscite entre a Comunidade Foral de Navarra e unha comunidade autónoma, cantos antecedentes, informes e documentos considere necesarios para a axeitada instrución do expediente.

Así mesmo, e con idéntica finalidade, poderá solicitar da Administración que sexa competente conforme os criterios contidos no convenio referentes á competencia e actuación inspectora, a práctica de cantas probas considere oportunas. En todo caso notificaráselle a práctica da proba á outra Administración en conflito para que, se o considera oportuno, designe un funcionario ao seu servizo que asista ás actuacións correspondentes.

4. Unha vez realizados os trámites a que se refire o punto anterior e, en todo caso, ao termo do prazo de dous meses sinalado no parágrafo primeiro do devandito punto, o presidente da Xunta Arbitral porá de manifesto o expediente ás administracións tributarias en conflito, así como aos interesados no procedemento do cal trae causa o conflito, todos os cales disporán dun prazo de quince días hábiles para formularen cantas alegacións teñan por conveniente.

5. Cumprido o trámite de alegacións a que se refire o punto anterior, o presidente ou os vogais, por quenda de

repartición, elaborarán unha proposta de resolución no prazo de quince días hábiles, a cal deberá comprender:

- a) Unha relación de todos os antecedentes do conflito e das actuacións levadas a cabo durante a instrución do expediente, cunha descrición sucinta do seu contido.
- b) Unha relación das normas legais e regulamentarias de aplicación ao caso en controversia.
- c) As consideracións xurídicas que se consideren precisas verbo de cantas cuestións deriven do expediente, fosen suscitadas ou non polas administracións tributarias ou polos interesados no conflito.
- d) O contido do acordo.
- e) A fórmula de execución do acordo.
- f) A data desde a cal procede exercer, de ser o caso, o novo foro tributario.

Unha vez cumprido o prazo de quince días hábiles, o relator remitiralle a proposta de resolución ao secretario para que llela notifique aos restantes membros da Xunta Arbitral.

Así mesmo o secretario, por indicación do presidente, convocará os vogais á sesión da Xunta Arbitral para deliberación e adopción do acordo que proceda, con indicación da data, lugar e hora en que se deberá celebrar a referida sesión, a cal deberá ter lugar dentro dos quince días hábiles seguintes ao da notificación da proposta.

Artigo 18. *Resolución.*

1. Na sesión da Xunta Arbitral sinalada para a resolución do conflito os árbitros, logo das oportunas deliberacións, poderán:

- a) Solicitar, logo de votación, a achega de novos documentos ou práctica de novas dilixencias que se xulguen esenciais para a resolución. Non obstante, na nova sesión da Xunta Arbitral que teña lugar para a resolución do conflito, os vogais non poderán volver formular esta solicitude.
- b) Formular observacións á proposta de resolución elaborada polo relator. Neste caso, as observacións que impliquen modificación do contido da devandita proposta de resolución deberán ser sometidas a votación.
- c) Proceder, sen máis, a someter a votación a proposta de resolución. Os membros da Xunta Arbitral están obrigados a votar, salvo nos supostos de ausencia, enfermidade, abstención obrigatoria ou calquera causa xustificada; nestes casos farano os árbitros suplentes.

2. Os acordos da Xunta Arbitral, tanto de solicitude de novos documentos coma de modificación ou de aprobación da proposta de resolución, modificada ou non, deberán ser adoptados por maioría de votos.

3. A Xunta Arbitral resolverá conforme dereito todas as cuestións que ofrezca o expediente, fosen ou non formuladas polas partes ou os interesados, incluídas as fórmulas de execución.

4. Os acordos da Xunta Arbitral adoptaranse ao termo da sesión de que se trate e quedarán reflectidos na acta que deberá expedir o secretario daquela, quen a remitirá ao presidente e aos vogais dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da celebración da sesión correspondente.

Dentro do prazo doutros cinco días hábiles desde a recepción da acta, o árbitro que elaborase a proposta deberá redactar a resolución acordada. Cando o relator non se conformar co voto da maioría, declinará a redacción da resolución. Neste caso a redacción da proposta de resolución corresponderalle ao presidente.

Artigo 19. *Notificación e execución das resolucións.*

O secretario da Xunta Arbitral notificaralles a correspondente resolución ás distintas administracións tributarias en conflito ou, eventualmente, á Comisión Coordinadora, así como aos afectados por aquela, e as administracións deberán proceder á súa execución nos termos previstos na propia resolución.

Artigo 20. *Impugnación.*

Os acordos da Xunta Arbitral, sen prexuízo do seu carácter executivo, unicamente serán susceptibles de recurso en vía contencioso-administrativa perante a sala correspondente do Tribunal Supremo.

MINISTERIO DE FOMENTO

6246 REAL DECRETO 354/2006, do 29 de marzo, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional. («BOE» 83, do 7-4-2006.)

O Real decreto 646/2003, do 30 de maio, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional, incorporou ao ordenamento interno a Directiva 2001/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional. Esta norma comunitaria tiña por finalidade a harmonización das normas técnicas aplicables aos ferrocarrís, para o cal fixou as condicións que se deben cumprir para lograr a interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional no territorio da Unión Europea e regulou, entre outras importantes cuestións, as condicións dos subsistemas, os requisitos esenciais sobre deseño, construción, mantemento e vixilancia dos compoñentes, en especial dos elementos que interveñen na circulación dos trens, o réxime de conformidade e idoneidade para o uso dos compoñentes de interoperabilidade, a declaración de verificación dos subsistemas e o procedemento de verificación dos subsistemas.

A citada directiva foi modificada pola Directiva 2004/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, pola que se modifican a Directiva 96/48/CE do Consello relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario europeo de alta velocidade e a Directiva 2001/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional, razón pola cal se fai necesario recoller tamén no noso ordenamento as modificacións efectuadas na norma comunitaria.

Dada a complexidade da materia regulada considereuse conveniente, para a claridade normativa, e a fin de facilitar a súa aplicación, levar a cabo a dita transposición mediante unha nova disposición que substitúa integramente a vixente, en lugar de reformar parcialmente esta última. Isto faise particularmente aconsellable tendo en conta, ademais, o réxime de apertura do mercado de transporte nacional de mercadorías por ferrocarril establecido desde a entrada en vigor da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que se estendeu así mesmo ao transporte internacional de mercadorías a partir do 31 de decembro de 2005 de conformidade coa alínea B da súa disposición transitoria primeira. O real decreto que agora se aproba substitúe, pois, o Real decreto 646/2003, do 30 de maio, e recolle os requisitos establecidos na

Directiva 2004/50/CE en relación coas especificacións técnicas de interoperabilidade, os compoñentes de interoperabilidade, os subsistemas, os organismos notificados e os rexistros da infraestrutura e do material rodante. A norma recolle, así mesmo, algunhas modificacións de detalle na regulación da infraestrutura e o transporte ferroviario contida no Regulamento do sector ferroviario, aprobado polo Real decreto 2384/2004, do 30 de decembro, co fin de facilitar a súa interpretación e aplicación.

A competencia para incorporar ao dereito interno a citada normativa comunitaria vén dada polo disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma. Ao propio tempo, a disposición derradeira primeira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, habilita o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento da dita lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto fixar as condicións que se deben cumprir para realizar a interoperabilidade da parte española do sistema ferroviario transeuropeo convencional, que se describe no anexo I.

2. Estas condicións refírense ao proxecto, construción, posta en servizo, rehabilitación, renovación, explotación e mantemento dos elementos do dito sistema que entren en servizo despois da data de entrada en vigor deste real decreto, así como ás cualificacións profesionais e ás condicións de saúde e seguranza do persoal que contribúe á súa explotación e mantemento.

3. Para cada subsistema, este real decreto refírese ás disposicións relativas aos compoñentes de interoperabilidade, ás interfaces e aos procedementos, así como ás condicións de coherencia global do sistema ferroviario transeuropeo convencional requiridas para conseguir a súa interoperabilidade.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Sistema ferroviario transeuropeo convencional: o conxunto composto polas infraestruturas ferroviarias, incluídas as liñas e instalacións fixas, da rede transeuropea de transporte, construídas ou acondicionadas para o transporte ferroviario convencional e o transporte ferroviario combinado, e polo material rodante concibido para percorrer as ditas infraestruturas, como se describe no anexo I.

b) Interoperabilidade: a capacidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional para permitir a circulación segura e ininterrompida de trens que cumpren as prestacións requiridas para estas liñas. Esta capacidade basearase no conxunto de condicións regulamentarias, técnicas e operativas que deberán cumprirse para satisfacer os requisitos esenciais.

c) Subsistemas: o resultado da división do sistema ferroviario transeuropeo convencional, tal como se indica no anexo II. Estes subsistemas para os cales deberán defi-